

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E VINTE MINUTOS** do día **CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO**, do Secretario accta. da Corporación **DON DAVID GARCÍA LAREO** e da Interventora Municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.S.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCIONES.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.S.-

1.1.- Escrito de D^a M^a Alejandra Iglesias Novoa, Rexistro de Entrada nº 4110 de data 12 de setembro de 2007, solicitando o arranxo do bache existente no camiño que pasa polo lugar de Cornado, parroquia de Chapa, diante da casa nº 11.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Tte. de Alcalde D^o Manuel Cuiña Fernández, para súa tramitación.

1.2.- Escrito de Hidroeléctrica de Silleda, S.L., Rexistro de Entrada nº 4070, de data 10 de setembro de 2007, no que indica que con motivo das obras "Plan Calidade 2007" vanse retirar postes da mencionada empresa, polo que solicitan a retirada de puntos de luz de alumeadado público aloxados nos postes a retirar.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do

mesmo ó Electricista Municipal ós efectos oportunos.

1.3.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3995, de data 05 de setembro de 2007, remitindo acordo do Pleno da Corporación Municipal, correspondente a súa sesión do 27 de xullo de 2007, no que se aproba o cambio de aplicación da oba nº 54 do Concello de Silleda, denominada “Accesos núcleos: Saidres, Moalde, Cervaña, O Castro, Ponte, Cortegada, Xestoso, Silleda e Oleiros” incluída no PPC/07, pola actuación do Plan Complementario nº 40, denominada “Accesos/pavimentación vías públicas Silleda”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- “Traballos de desbroce en pistas e camiños do Concello de Silleda”

Visto o expediente confeccionado para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da prestación do servizo de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda, ascendendo o presuposto máximo para este contrato a cantidade de 28.000,00 €

Visto:

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares,
- o Certificado de existencia de crédito
- os Informes de Secretaría e Intervención, de 14 de setembro de 2007

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primero.- Aproba-lo expediente para prestación do servizo de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda.

Segundo.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato.

Terceiro.- Aproba-lo gasto correspondente.

Cuarto.- Dispoñe-la apertura do procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, conforme o artigo 141 do TRLCAP, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato.

Quinto - Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

2.2.- “Mejoras en las parroquias de Cortegada, Cira y Taboada” do PAM/06-07-08

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº 1, de data 31 de maio de 2007, por importe de 17.220,39 €, correspondente á obra “Mejoras en las parroquias de Cortegada, Cira y Taboada” do PAM/06-07-08.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aproba-la mencionada certificación Nº 1da obra “Mejoras en las parroquias de Cortegada, Cira y Taboada” do PAM/06-07-08, polo importe de 17.220,39 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, Técnico Director das Obras.

2º.- Aproba-la factura correspondentes a esta certificación e que se describen a continuación:

Fecha Factura	Nº Factura	Proveedor	Importe □□□
31.05.2007	036/07	Terrauga Proyectos y Obras S.L.	17.220,39 □□□

2.3.- Mobiliario Local Social e outros Servizos da Terceira Idade - PAM/07

Dase conta da factura nº 7001493, de data 06.06.07, presentada por Ofitendas S.L., Rexistro de Entrada nº 2535, de data 06 de xuño de 2007, ascendendo o importe total da mesma a cantidade de 29.980,00 □□□, correspondente a obra denominada “Mobiliario Local Social e outros Servizos da Terceira Idade” nº 281/684 do PAM/07, adxudicada por esta Xunta de Goberno Local en sesión de 04 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de Intervención, de data 12 de setembro de 2007, por unanimidade acorda prestar aprobación a mesma.

2.4.- “Mellora do alumado público” do PAM/06-07-08

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº 1, de data 04 de setembro de 2007, por importe de 6.000,00 □□□, correspondente á obra “Mellora do alumado público” do PAM/06-07-08.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aproba-la mencionada certificación Nº 1da obra “Mellora do alumado público” do PAM/06-07-08, polo importe de 6.000,00 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Dº José Luis Rodríguez González, Técnico Director das Obras, e o contratista adxudicatario Solarel, S.L.

2º.- Aproba-la factura correspondentes a esta certificación e que se describen a continuación:

Fecha Factura	Nº Factura	Proveedor	Importe □□□
19.05.2007	07/050	Solarel, S.L.	6.000,00 □□□

2.5.- “Mellora do alumado público” do PAM/06-07-08

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº 2, de data 04 de

setembro de 2007, por importe de 8.000,00 €, correspondente á obra “Mellora do alumado público” do PAM/06-07-08.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aproba-la mencionada certificación Nº 2 da obra “Mellora do alumado público” do PAM/06-07-08, polo importe de 86.000,00 €, asinada polo Arquitecto Técnico Dº José Luis Rodríguez González, Técnico Director das Obras, e o contratista adxudicatario Solarel, S.L.

2º.- Aproba-la factura correspondentes a esta certificación e que se describen a continuación:

Fecha Factura	Nº Factura	Proveedor	Importe €
19.05.2007	07/051	Solarel, S.L.	8.000,00 €

3º.- SUBVENCIONES.-

Non hai asuntos que tratar.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas:

4.1.1.- Examinado o expediente promovido por Dª MARIA JESÚS SILVA ALÉN, en virtude de instancia nº 2731 de data 19 de xuño de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a óptica, situado na rúa Alfonso Trabazo, esquina coa Xeneral Franco-baixo (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica Dª Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 18 de xuño de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 07 de setembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e a súa adecuación ao medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Sra. Alcaldesa-Presidenta, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2731/07 instada por Dª MARIA JESÚS SILVA ALÉN, para apertura de local para dedicalo a óptica, situado na rúa Alfonso Trabazo, esquina coa Xeneral Franco-baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

5º.- INTERVENCIÓN.-

5.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00009-07, de data 14 de setembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 29.829,45 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as once horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal.,